

TAXA POLO SERVIZO DE AUGA DOMICILIARIA
ORDENANZA FISCAL REGULADORA

ARTIGO 1.-

De conformidade co previsto no artigo 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de auga domiciliaria.

ARTIGO 2.-

1. Constitúe o feito impositivo da taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo municipal, explotándose por conta e en beneficio deste Concello.

2. Non constituirá feito impositivo o abastecemento particular de augas que veñen realizándose o traveso de mananciais ou outros aproveitamentos de augas potables, salvo que este Concello acordase a súa municipalización.

ARTIGO 3.-

Son suxeitos pasivos desta taxa quen se beneficie dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refiren os artigos anteriores e reúnan os requisitos que se sinalan na presente Ordenanza.

ARTIGO 4.-

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte.

2.- Na presente taxa rexerán as seguintes cantidades e polos conceptos que se indican:

CONCEPTO	PREZO
a) Por dereitos de acometida de enganche á rede de abastecemento	400,00 €
b) Por consumo de auga:	
- Cuota servizo:	4,50 €/mes
Uso doméstico:	
- Ata 10 m ³ /mes:	0,15 €/m ³
- De 10 a 40 m ³ /mes:	0,25 €/m ³
- De 40 a 70 m ³ /mes:	0,80 €/m ³
- Mais de 70m ³ /mes:	1,60 €/m ³
Uso industrial:	
- Ata 20 m ³ /mes:	0,40 €/m ³
- Mais de 20m ³ /mes:	1,20 €/m ³
Consumo en obras:	0,40 €/m ³

3. Dada a existencia de Comisións de augas en diferentes pobos do municipio que xestionan directamente o consumo da mesma procedente de mananciais, e coa finalidade de cos veciños afectados podan utiliza-la auga da rede xeral, establecece unha cota que resultará de aplicar as tarifas resinadas no apartado anterior polo número de usuarios afectos á Comisión. O importe resultante abonarase pola Comisión, na súa calidade de xestora da auga.
4. Na anterior tarifa non se entende incluído el IVE, que se factura aparte.

ARTIGO 5.-

1. A obriga do pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo, con periodicidade bimensual.
2. Para os efectos da súa cobranza, por parte do Concello formarase un Padrón no que figuraran os contribuíntes, do cal se dará publicidade, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello.
3. O pagamento da dita taxa efectuarase no momento de presentación, ó obrigado a realizalo, do correspondente documento cobratorio, para o cal, os servizos do Concello efectuarán a correspondente lectura de contadores.
4. As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario e a súa prórroga faranse efectivas pola vía de constrinximento, consonte coas normas do Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 6.-

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cotas que non se puideran facer efectivas polo procedemento de constrinximento, para o que se formalizara o oportuno expediente, de acordo co previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 7.-

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos arts. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

2. As infraccións a esta Ordenanza que no constitúan defraudación serán resoltas pola Alcaldía na forma e contía previstas nas disposicións legais vixentes.

ARTIGO 8.-

Toda autorización para aproveitar o servizo de subministración de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, debendo ser individual para cada vivenda, e colocarse en sitio visible e de fácil acceso, para que permita a clara lectura do seu consumo. O contador poderá ser facilitado ou homologado polo Concello. Se o facilitase o Concello, o abonado satisfará o prezo de custo.

ARTIGO 9.-

A subministración de auga a domicilio confírelle ó usuario do servizo a facultade de consumir auga para usos domésticos ou industriais, entendéndose por usos domésticos tódalas aplicacións para atender ás necesidades da vida e hixiene persoal, como a bebida, preparación de alimentos, lavado de roupa, limpeza persoal e doméstica... Por uso industrial entendese a subministración de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto, aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, como cortes, adegas, tendas ou bares.

ARTIGO 10.-

A utilización da subministración de auga farase tomando o abonado a que necesite, determinándose o volume consumido mediante un aparello contador.

ARTIGO 11.-

Quedan prohibidas as utilizacións de auga da rede xeral de abastecemento para regar xardíns, fincas, ou lavado de automóbiles con manguera de presión. Non obstante, durante as épocas de abundancia de auga, a Alcaldía poderá autorizar tales usos mediante Bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario ou industrial.

ARTIGO 12.-

1. O Concello, en ningún caso garante a cantidade da subministración, que sempre terá o carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responde nin se responsabiliza dos posibles danos, prexuízos ou deterioros que puidera causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal de auga.

2. O Concello, por Resolución da Alcaldía, poderá ordena-lo corte da subministración de auga a calquera usuario que utilice a auga para os usos prohibidos a que se refire o artigo anterior. A rehabilitación do servizo levará consigo o pago de novos dereitos de acometida.

3. A Alcaldía poderá ordena-lo corte da subministración por non paga-lo usuario 3 recibos consecutivos. A rehabilitación do servizo farase despois do paga-lo adebedado, con novos dereitos de acometida.

ARTIGO 13.-

1. O Concello, por medio dos seus empregados e axentes, ten o dereito de inspección e vixilancia das conducións, instalacións e aparellos, tanto en vías públicas ou privadas como en fincas particulares. Ningún abonado poderá oporse á entrada nas súas propiedades para a inspección do servizo, que debера levarse a cabo en horas de luz solar, salvo casos urxentes, a xuízo da Alcaldía.

2. A facultade conferida no punto anterior enténdese limitada ás tomas de auga da rede xeral e á posible existencia de enxertos ou derivacións non controlados, como usos distintos dos autorizados, así como ás defraudacións en xeral.

ARTIGO 14.-

1. As sancións que por incumprimento do establecido nesta Ordenanza impoña a Alcaldía, consistirán no pagamento do duplo da taxa que corresponda segundo lectura do contador.

2. Caso de que se defraudara por calquera tipo de manipulación a lectura do contador correspondente, ou se realizase calquera tipo de acción conducente a evitar dita lectura, por este Concello farase unha estimación de cantidade consumida polo defraudador equivalente a 100 m³., aplicándose ó importe que corresponda a sanción que se establece no punto anterior.

3. Tanto nos casos establecidos nos dous puntos anteriores, como en todos os actos que sexan sancionables pola Administración Municipal, esta sanción irá acompañada do abono por parte do infractor de novos dereitos de acometida.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.